

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1061/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **"CAPATAZ/A DO GEM COORDINACIÓN DA AGRUPACIÓN LOCAL DE VOLUNTARIOS/AS DE PC"**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **"CAPATAZ/A DO GEM COORDINACIÓN DA AGRUPACIÓN LOCAL DE VOLUNTARIOS/AS DE PC"** persoal laboral fixo.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 29 de agosto de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura unha praza de **"CAPATAZ/A DO GEM COORDINACIÓN DA AGRUPACIÓN LOCAL DE VOLUNTARIOS/AS DE PC"** persoal laboral fixo en data 04 de abril de 2024.

Vista a base xeral 9.1, que sinala *"(...) O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente), será nomeado e citado para a súa constitución por Resolución de Alcaldía do Concello de Viveiro, publicándose a Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación.*

Composición:

a) Un Presidente.

b) Catro vogais. O Secretario será un dos vogais.

O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

A composición acomodarse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade

Concello de Viveiro

Praza Maior, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/o persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo..."

Vista a base xeral 9.4 que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes), de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría..."

RESOLVO

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal **TELEMÁTICAMENTE** para o **venres día 05 de abril de 2024, ás 10:00 horas**, para a súa constitución.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

